
ERA UN DÍA DE INVERN
NA CIDADE DE ANTÓN...
...CANDO UNHA HERBA PEQUERRECHIÑA ASOMOU ENTRE OS COCHE

PERO NO ERA SOLO UNA HERBA...





EN LA HERBA VIVÍA LA ARAÑA

"ÑAÑA" !!



NAÑA ESTABA TRISTE PORQUE A SUA HEBBA PEQUERRECHIÑA
NON CRECIA MOITO ... HABIA MOITO FUME E MOITO RUIDO E
NON HABIA TERRA PA SUA HERBA .. SOÑABA CUN SITIO QUE
LLE CONTARON QUE ERA MOI BONITO, E NON HABIA
COCHES NIN EDIFICIOS.....

A ARAÑA COMEZOU A CAMIÑAR EN BUSCA DE NOVA TERRA PARA A SÚA HERBA.



ÑAÑA ESTABA TAN CANSADA DE ANDAR QUE PAROUSE A DESCANSAR UN POUCO E, DE SÚPETO, VIU QUE A TERRA MOVÍASE... ¡ERA UNHA MIÑOCA!



—HOLA. POIS ANDO Á PROCURA DUNHA TERRA ONDE VIVIR COA MIÑA HERBA PEQUERRECHIÑA, SEN COCHES NIN CASAS. SABES ONDE PODO ATOPAR ALGO ASÍ POR AQUÍ? —DÍXOLLE A ARAÑA ÑAÑA



...COMO A GALERÍA DA MIÑOCA ERA MOI PEQUENA E ESCURA, A INTRÉPIDA ARAÑA PROBOU SORTE BAIXANDO POR UNHA ENORME ENREDADEIRA E ENTÓN...

QUE SORPRESA!!

HABÍA UN PRECIOSO CAMPO CHEO DE FLORES, DE HERBIÑA E MOOOOITOS AMIGOS COS QUE INICIAR NOVAS AVENTURAS...



O CARACOL CARACOLEIRO, HABITANTE MÁIS VELLO DO LUGAR INVITOU A ÑAÑA E A SÚA HERBA REQUERRECHIÑA A QUEDARSE CON TODOS ELES.



ÑAÑA, AGRADECENDO A SÚA XENEROSIDADE, FIXO-LLE OS ANIMALIÑOS UNHA CAMA ELÁSTICA PARA QUE PUIDESEN SALTAR E SALTAR TAN ALTO COMO O CEO.....




A ARAÑA "ÑAN NAN" SALTOU TAN ALTO! QUE
SUBIU ENRIBA DUN PAXARO, E SAIU VOANDO....



De súpeto a araña Ña-Ña, estaba a surcar o ceo encima daquel paxaro, vendo como todo aquilo, que no chan era enorme, facíase pequeniño, pequeniño...

Ña-Ña, non tiña medo, estaba completamente marabillada polas cousas que podía ver

Quen es? (preguntou Ña-Ña).

Son unha gaivota e chámome Gavi, fun a pescar e agora vou a miña casa.

Ña-Ña, de súpeto, viu unha torre chea de herbiña, e díxolle a Gavi si podería baixar un pouquiño para vela mellor,...

Na praia ó pe da torre, atopou
un neno que xogaba a tirar pedras
ó mar.
- Chámome Antón, e na miña escola coidamos
de moitos bichiños coma ti.
É a escola de Monte Alto.
¿Queres vir comigo?



E alí estaba Naña, coñecendo os nenos da Escola de Montealto.
Estaba moi ilusionada porque todos lle estaban a falar e facíana encontrarse moi agusto.
Gustaballe a escola, gustabanlle os pequenos da escola e gustaríalle quedar alí con eles unha temporada...



Ñañá era moi feliz na escola, xogando cos seus amigos os caracois, as lesmas, a miñoca, Yuri... e os nenos e nenas. Pero unha mañá, cando os rapaces foron ao terraño xogar cos bichiños, Ñañá desaparecera.

¡Todos comezaron a buscala!!!



Os nenos estaban tristes porque a araña "Ñaña" non aparecía por ningures. Os nenos buscaban e buscaban e nada, non aparecía, de supeto, unha nena díxolle á profe:

-"¿E se comezamos a cantar e a tocar para que a nosa arañiña saia?"

Á profesora pareceulle boa idea e empezaron a repartir os instrumentos, mentres decidían cantar o rap de PASENIÑO.

Repartíronse os instrumentos e comezaron a cantar. Unha nena tiña a guitarra e nada máis dar o primeiro acorde ZAS!!!!!!!!!!
ÑAÑA saíu despedida, coa sorte que caeu no tambor sen mancar.









OS NENOS PUXÉRONSE TAN CONTENTOS DE ATOPAR A ÑAÑÁ QUE, CON TODOS OS INSTRUMENTOS XA SOANDO E Ó RITMO DO RAP, MONTARON UNHA AUTÉNTICA FESTA



E PARA REMATAR A FESTA ... FORON DE EXCURSIÓN NO AUTOBÚS RICO A VISITAR Ó MUSEO DAS CIENCIAS !!!

ALÍ PUIDERON VER AS ESTRELAS FUGACES, PLANETAS, ... , APRENDERON MOITAS COUSAS E O PASARON MOI, PERO QUE MOI BEN !!!



DE REGRESO Á ESCOLA, COMEZOU A CHOVER. E TANTO CHOVEU QUE A CIDADE SEMELLABA UNHA GRAN PISCINA. ENTÓN OS RAPACES E ÑAÑA DECIDIRON VOLTAR NADANDO ENTRE OS PEIXES, TARTARUGAS, GOLFIÑOS ...






Quedaron abraiados con tanta vexetación mariña e moi ledos de xogar cos animaliños que atoparon na súa travesía á terra.
Ña Ña divertiuse moito cos nenos, pero tamén viu cousas moi feas no mar; plásticos, cordas, latas, botellas que perxudicaban o entorno, entón decidiu facer algo.
Reuniu ós nenos e contaulle o plan. Irían pola area da praia recollendo os lixos que viran no camiño.



O dia seguinte, ÑA-ÑA e os nenos voltaron de novo a praia
e recolleron moitisimo lixo, estes quedaron super contentos pero
demasiado cansos, entón decidiron voltar de novo a escola.
De regreso polo camiño atoparon unha fermosisima tartaruga
pequena na rúa, entón ÑA-ÑA chamou polos nenos e pararonse a
falar con ela, pero ésta estaba casi sin alento entón a araña
pensou e dixolle a todos nenos e nenas de tamén levala pa
escola hasta que esta se recuperase






OS NENOS DESPEDIRONSE DE MANUELITA E VOLTARON A ESCOLA.

DOUS DÍAS MÁIS TARDE....



Ao ver á tartuguiña Manuelita na televisión, a araña ÑaÑa tivo unha idea xenial! poderia utilizar unha das abelliñas robóticas da escola, 'Bibota', para viaxar polo mundo e coñecer outras cidades, outras escolas e outros pequerrechos!



E atoparonse cunha vila chea de flores e xardins onde os animaliños e os nenos xogaban moi ledos.





POLO QUE ÑAÑA DECIDIU FACER UN ALTO NO SEU CAMIÑO PARA REFRESCARSE NUN CHARCO DO XARDÍN



..E ALÍ, NA CHARCA, ATOPOUSE
COA RÁ FEDERICA QUE LLE
CONTOU COMO SE MOVIA
ELA DUN SITIO A OUTRO...
BRINCANDO E
BRINCANDOOO!!



E ASÍ BRINCA QUE BRINCA
ÑAÑA E FEDERICA CHEGARON A CIDADE
DE PEDRA MÁIS FERMOSA
DO MUNDO!!



SANTIAGO
DE
COMPOSTELA..



ÑAÑA SUBIU Á TORRE MÁIS ALTA DA CATEDRAL. BAIXO AQUEL CEO ESTRELADO E COROADO POR UNHA INMENSA LÚA CHEA SENTIASE MOI PEQUENA. DE SÚPETO, NOTÁBASE MOI CANSA E BOTOUSE A DURMIR. SOÑOU COA SÚA HERBA PEQUERRECHIÑA, COS BICHIÑOS E AMIGOS QUE COÑECERA E CO CAMIÑO PERCORRIDO ATA ALÍ POR TERRA, MAR E AIRE. TAMÉN COAS AVENTURAS QUE ESTABAN POR VIR. TODAVIA QUEDÁBANLLE MOITAS COUSAS POR VER PERO HABIA UNHA COUSA QUE NON SE PODIA QUITAR DA CABEZA...






E DESPOIS DE MOITO PENSAR, DECIDIU QUE PREFERÍA VOLVER COS NENOS E NENAS DA ESCOLA. ASÍ DESCANSARÍA UNHA TEMPORADIÑA PARA MÁIS ADIANTE EMPRENDER NOVAS AVENTURAS.

ADEMÁIS, TIÑA MOITÍSIMAS GANAS DE VELOS E CONTARLLES TODAS AS HISTORIAS QUE LLE ACONTECERAN.

ÑAÑA TAMÉN QUERÍA APRENDER MOITAS COUSAS DELES. SABÍAN TANTAS CANCIÓNS E TANTOS CONTOS!



ASÍ QUE PASENIÑO, PASENIÑO FOISE ACHEGANDO Á PORTA, TOCOU A CAMPÁ E... SORPRESA! ÑAÑA VOLVEU!

E COLORÍN, COLORADO... ESTE CONTO ESTÁ REMATADO!